

A LEDICIA DE LER

“Guimarães rosa con ollos galegos”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 28 de xaneiro de 1979



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

Guimarães Rosa con ollos galegos

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 28 DE XANEIRO DE 1979

O interese de Valentín Paz Andrade pola literatura, e non só pola galega, vén de lonxe e tense materializado en libros como *La Anunciación de Valle-Inclán*, que algúns lectores coñecerán sen dúbida, ademais de na súa propia obra literaria, do froito máis logrado da cal, o poema titulado *Pranto matricial*, do que xa falamos aquí noutrora. Hoxe tócanos dar conta da última publicación deste polifacético intelectual vigués, que precisamente está consagrada unha vez mais á literatura. Nesta ocasión o branco da atención de Paz Andrade é o extraordinario novelista brasileiro João Guimarães Rosa (1908-1967) unha antiga devoción súa, dende que o descubrira nas páxinas de *Le Figaro Litteraire*. Dende entón a lectura da obra rosiana foi convencendo ao seu admirador de que hai nela unha importante pegada galega, tema ao que decidiu consagrar un arriscado e atractivo ensaio, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*, que vén de publicar as Edicións do Castro¹.

GALECIDADE

Esta tese da galecidade da obra de Guimarães Rosa resulta, como dicíamos, igualmente arriscada e atractiva. Arriscada porque os elementos analizables, os rabiños do cabo do novelo son tan sutís que apenas permiten tirar deles. E atractiva pola propia audacia intelectual da hipótese formulada.

É certo que dende o punto de vista léxico, Guimarães Rosa, a prosa do cal está escrita nun portugués rural e indixenista, no portugués do Brasil sertanexo, emprega unha serie de termos (chirimía, zanfona, orvallo, lusco-fusco, arco da vella, lonxão)

que están vivos no galego de hoxe, pero que ou non pasaron aos dicionarios portugueses ou que practicamente desapareceron daquela fala. Non obstante a filiación desta pequena mostra léxica non resulta doada. Naturalmente que as palabras citadas son galegas e que en definitiva o nacedoiro brasileiro está en última instancia en terra galega, e que desta fonte se nutriu o río portugués que regou o Brasil. Pero ata que punto se pode falar de galecidade ao sinalar esta trasfega cultural galego-brasileira a través da ponte portuguesa?

UNHA FERMOUSA METÁFORA

Por suposto que como en todas as linguas, no portugués do Brasil sobreviven arcaísmos abundantes, moitos deles xa esquecidos na metrópole e que indubidablemente algunhas das palabras antes citadas (orvallo, lusco-fusco, arco da vella) deben ser catalogadas entre eles. Outras (chirimía e lonxão) non teñen en cambio unha explicación doada e fan pensar nun transvase directo, sen o intermediario portugués. Puido ser isto así? Non o sabemos, pero non resisto a tentación de comunicar dende aquí un curioso dato a Paz Andrade, que estou seguro lle ha interesar. A importante cidade de Juiz de Fora, en Minas Gerais, o estado onde naceu Guimarães Rosa, foi fundada por un galego da Limia, Antonio Vidal, a partida de nacemento do cal vimos Eduardo Blanco-Amor e mais eu xunto co periodista Pablo Núñez-Arca, que andaba atrás do dato, nos libros parroquiais de San Mamede, preto de Ganade, a poucos quilómetros de Xinzo de Limia. É dicir, que galegos, e galegos emprendedores como Vidal, chegaron ao Sertão no século XVIII.

De todos os xeitos, no seu libro, Paz Andrade non lle dá ao termo galecidade un valor estreito, digamos empírico, senón máis ben metafórico. As raíces nutricias dunha boa parte da cultura brasileira (e neste aspecto é ben significativo o capítulo

que o autor dedica á transmisión mítico-oral) e polo tanto da obra de Guimarães Rosa, estean en Galicia. Descubrilas e subliñalas con paixón galega é o que acaba de facer Valentín Paz Andrade no afervoadado libro que lle dedica a este grande escritor irmán. Nun momento de grande interese por unha aproximación de Galicia e a súa e cultura á área luso-brasileira como o que estamos vivindo, este ensaio non ha pasar desapercibido.

* * *

¹ Valentín Paz Andrade, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa*. Ediciós do Castro, A Coruña, 1978. Leva unha introdución do escritor brasileiro Paulo Rónai e un epílogo de Álvaro Cunqueiro.